

PACTO DE CONTRATACIONES DE FEAS

UN FEITO HISTORICO NA POLÍTICA DE CONTRATACIÓN DO SERGAS

Nos anos 90 asinouse o primeiro pacto de selección temporal do persoal do SERGAS. Un pacto cun obxectivo claro: que os contratos do SERGAS se ofertasen mediante un sistema baseado nos principios de igualdade, mérito e capacidade.

- ➔ Non foi doado incluír neste pacto ao persoal facultativo, a Administración sanitaria e outros factores resistíanse a que a selección de persoal facultativo se fixera a través dun sistema público e transparente.
- ➔ Despois de varios conflitos incorporouse, progresivamente, ao pacto de selección o persoal facultativo de atención primaria: médicos de familia, pediatras e odontólogos.

Agora, en pleno século XXI, incorpórase ao pacto de selección temporal o persoal facultativo de atención hospitalaria. TÓDOLOS CONTRATOS serán ofertados cos criterios do novo pacto. Benvido sexa!

Neste pacto vanse baremar os méritos de cada aspirante, e as contratacións serán ofertadas por rigoroso orde de puntuación nas listas. **O baremo estará formado por:**

- **Méritos:** 24 puntos, nota de OPE; 40 puntos, servizos prestados, formación e investigación.
- **Entrevista (non eliminatoria):** 16 puntos, entrevista regrada **para o acceso a determinados postos**, nos que a Administración terá que, previamente, definir cales son as características específicas que motivan a realización dunha entrevista ou memoria.



CIG-SAÚDE rexeitou a realización da entrevista, mais ante a negativa do SERGAS en retirala, apostamos por **incorporar mecanismos de control para a súa realización e que non fose eliminatoria.**

As incidencias nas contratacións de FEAS serán tratadas na **comisión de seguimento** ao igual que sucede con outras categorías. **Isto vainos permitir presentar modificacións para corrixir e mellorar o seguinte pacto.**

CIG-SAÚDE ASINA O PACTO DE CONTRATACIONES DE PERSOAL FACULTATIVO DO ÁMBITO HOSPITALARIO POR QUE PERMITE ROMPER CO PASADO E ESTABLECER AS BASES DO FUTURO.